

CONTROL E XUSTIFICACIÓN DAS FALTAS DE ASISTENCIA

As familias recibiredes notificación diaria das faltas dos fillos a través da aplicación Abalar Móvil.

Os titores levarán control semanal das faltas, polo que as familias non debedes preocuparvos se vos chega notificación de faltas non xustificadas cando saibades que son xustificadas. Debedes agardar con paciencia.

Se pasado ese tempo existe algún erro ou precisades algunha aclaración, podedes e/ou debedes poñervos en contacto co titor para solucionalo.

A xustificación das faltas farase do seguinte xeito:

- Cando o alumnado falta a clase toda a xornada lectiva por unha cita médica programada, as familias deberedes entregar en Conserxería o documento xustificativo oficial correspondente nun prazo máximo de tres días. A conserxe encargarse de facer chegar este documento aos titores para que rexistren a falta e a xustifiquen en XADE.
- Cando o alumnado marcha durante a xornada lectiva para acudir a unha cita médica programada, as familias asinaredes na conserxería do centro o modelo de autorización anotando o motivo da ausencia e marcando as horas exactas que durará a mesma. A posteriori, as familias deberedes entregar en Conserxería o documento xustificativo oficial correspondente nun prazo máximo de tres días. A conserxe encargarse de facer chegar este documento aos titores para que rexistren a falta e a xustifiquen na base de datos.
- Cando o alumnado se atopa mal e marcha para casa, as familias asinaredes na conserxería do centro o modelo de autorización anotando o motivo da ausencia e marcando as horas exactas que durará a mesma. Os titores rexistrarán e xustificarán a falta sen necesidade de documento adicional.
- Cando o alumno non veña ao centro porque se atopa mal e a familia **avise** ao centro chamando por teléfono, os titores rexistrarán e **xustificarán** a falta sen necesidade de documento adicional.
- Cando o alumno non veña ao centro porque se atopa mal e a familia **non avise** ao centro do motivo, os titores rexistrarán e **non xustificarán** a falta de asistencia. Polo tanto, é responsabilidade das familias comunicar os motivos polos que o alumno/a non asiste a clase.

- Se o alumno falta en día de exame e a súa familia **xustifica** a ausencia, o profesorado afectado repetirá o exame nunha data elixida por el/ela. A data non a decide o alumnado.
- Se o alumno falta en día de exame e a súa familia **non xustifica** a ausencia, o profesorado afectado non terá a obriga de repetir o exame, e nese caso rexerán os criterios de avaliación establecidos na programación didáctica do departamento.

O prazo para presentar a xustificación documental é de tres días lectivos, contados desde a data da ausencia. Transcorrido dito prazo, as faltas das que non se presente xustificación pasarán a ter a consideración de non xustificadas, sen necesidade de ningún requerimento previo. A xuízo do titor/a, este prazo poderá ser ampliado cando concorran circunstancias excepcionais que impidan a presentación das xustificacións dentro do prazo.

É importante que consideredes tamén a importancia das faltas de puntualidade, porque indican o non cumprimento das normas do centro.

O alumnado que por algún motivo puntual non colla o transporte escolar, deberá solicitar en Conserxería un modelo de autorización e entregalo asinado polas familias. En caso contrario, deberá subir igualmente ao autobús.

As faltas por folga poderán ser xustificadas só ao alumnado de 3º e 4º de ESO. Para iso, os rapaces deberán entregar o modelo de autorización que poderán recoller en Conserxería asinado polas familias.